Concello de Vigo

Dª. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 1 de marzo de 2018** adoptou o seguinte acordo:

2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FÁTIMA. EXPTE. 4921/440.

Dáse conta da proposta asinada en data 26/02/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	**93,58**
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	**92,85**
3	COPCISA, S.A.	**91,48**
4	NAROM, S.L.	**90,56**
5	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	**90,25**
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	**90,24**
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	**89,20**

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2018-03-01T15:11:50+01:00 -

Documento asinado

	Licitadores	Puntuación
8	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	**88,91**
9	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	**84,90**

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2018-03-01T15:11:50+01:00 -

Documento asinado